

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>


Nº14 / Ano: 2020 / 2º xornal Mes de setembro / Estado de pouco sentidiño

## NOVAS CON RETRANCA

A alimentación actual das gaivotas na Illa de Ons ronda case o sibaritismo comparado coa que levaban hai pouco. Radio Aloloco preséntanos o estudo realizado polo Cociñeiro de fama internacional Arthur, sobre este tema.


Tamén traemos a protesta da ave máis internacional do Parque “A Gaivota Antón” que nos informa do xurdir, durante estes últimos veráns, dunha nova especie de gaivota invasora que se lle dá por roldar pola praia de Melide, casualmente pola zona nudista, co fin de retratar e procurar o seu alimento.

Páx. 1



## ACTA DO CONCELLO DE BUEU DE 1967

O investigador Arturo S. Cidrás tráenos un documento interesante sobre a donación para a Illa de Ons dun Botiquín de Urgencia. Páx.2



## APARECEN GRANDES MAMÍFEROS MARIÑOS

Nas proximidades da Illa de Ons están a aparecer orcas, baleas e delfíns, acontecemento que deixa asombrados aos científicos que están na procura do seu estudo para coñecer cales poden ser as causas de elixir estas augas.

Páx. 3

## ONS NA MEMORIA

Damos a coñecer neste interesante apartado fotográfico, o principal camiño da Illa, aquel que vai dende o peirao ata o Faro.

Nas fotos podemos observar o seu pavimento, moi distinto ao actual, e facemos un pouco de historia sobre os camiños, corredoiras e sendeiros illáns.

Páx. 3



## IMPRESIONANTES CAPTURAS NAS PROXIMIDADES DE ONS

Algo está a acontecer nas augas próximas a Ons polo que podemos comprobar no tamaño dos peixes que alí se están pescando.

Hai varias teorías do por que destas capturas, e aquí intentaremos dar algo de luz ao asunto, informando sobre as posibles causas nas que poden ter algo que ver os avistamentos que fai case 30 anos fixeran Benito Patiño e o seu fillo Carlos dende o <Xa me Vedes> porque están a ocorrer cousas moi raras nestas augas, especialmente na praia de Melide. Os gobernos central e autonómico xa están tomando medidas.



## ONS ARQUEOLÓXICA

Os petróglifos de Ons

Páx. 5



## CONTOS DE TABERNA

Nesta sección traemos unha “realidade” sucedida na Illa. Páx. 5

## RADIO <ALOLOCO>

### A ALIMENTACIÓN DAS GAIVOTAS ILLÁNS

Arthur, o noso cociñeiro de cabeceira, desta entrega non nos vai traer ningunha das súas típicas e succulentas receitas, senón que vainos falar da alimentación ou dieta dunha das nosas aves autóctonas: A Gaivota patiamarela.

Explicounos que esta ave mariña ten unha manutención moi variada. Deixou hai tempo o seu típico sustento rico en nutrientes conseguido nas augas que bañan a nosa Illa, para pasar a ser preeiras (*carroñeras*) nos vertedoiros do lixo da Illa. Primeiro no das Xabreiras, logo no camiño de Melide, despois nunha casa de Melide e xa por último no de Pereiró. Cando estes desapareceron, volvéronse máis sibaritas e así para **Almorzar**, acoden aos restaurantes da Illa e nun descoido do comensal e, en cousa de milésimas de segundo, arramplan cos *donus*, *croissan*, tostadas,..., ou galletas que haxa na mesa, iso si, o café e o zume non lles gustan, pero deixan a mesa limpísima, pois coas súas ás encárganse de librala e ciscar e espallar toda a vaixela polo chan.

Á hora do **Xantar** escollen e buscan o seu menú con moito coidado. Primeiro fan unha pasada polas zonas que Parques habilitou con mesas para que o visitantes descansen e coman. As gaivotas saben que os turistas, moi pillos eles, deixan alí, para gardar a mesa, coma se fose a súa casa, as bolsas, as neveiras,..., coa comida e vanse á praia a *morenear* ata que lles ataca a fame. As gaivotas buscan, remexen, intentan abrir todo,..., e se conseguen algo, comen, senón, vanse de novo aos restaurantes e, malo será, que non se fagan con algo.

Arthur comentou unha anécdota. Uns ecoloxistas, que teñen patente de corso para andar por calquera zona da Illa, descubriron nos cantís da banda oeste un mundo de ósos, tipo churrasco, e deron conta aos responsables de Parques desconfiando que nos cantís, os turistas, fixeran lume e asaran costela. Postos ao loro, os ecoloxistas organizaron un seguimento do tema vixiando as zonas e ata poñendo cámaras de vídeo. Foi así como descubriron que as comensais eran as propias gaivotas que primeiro apañaban nas mesas dos restaurantes os anacos de costela, engulíanos sen máis e metíanos no boche e, cando o tiñan cheo, marchaban para os seus respectivos apousentos nos cantís e alí regurxitaban e comían con calma. Tampouco lle facían ascos aos anacos de tortilla, calamares,..., agás o polbo á feira que, supoñemos polo picante, deixábano.

Xa pola tardiña, á hora da **Merenda**, o seu lugar preferido eran as praias e, a calquera descoido dos rapaces, os *bocatas* e as chuches pasaban a formar parte do seu subministro alimenticio antes do solpor. Arthur tamén informou da preocupación que teñen os biólogos, ecoloxistas, *animalistas*,..., e demais fauna protectora, con respecto a este réxime alimenticio das gaivotas, xa que se está detectando nelas un alto grao de colesterol e de azucre (sei que varias xa son diabéticas) que pode traerlles problemas nun futuro, aparte do gasto en medicamentos para elas, xa que, como ben sabedes, non soen ter nin un céntimo nos seus petos.

## NOVAS CON RETRANCA



### A GAIVOTA ANTÓN

Xa que estamos a falar destas aves, dicir que a gaivota máis famosa do Parque Nacional é a *<Gaivota Antón>*.

Este verán estivo moi preocupada pola aparición na Illa dunha nova especie de gaivota, pouco coñecida e con posibilidade de converterse en invasora. Falamos do **Gaivodrón**, que está a provocar un profundo malestar entre as gaivotas autóctonas, os cormoráns,..., e ata nos humanos, ao sobrevoar continuamente os cantís máis espectaculares e as praias, parándose moito na de Melide e, máis concretamente, no “*gueto nudista*” desta paradisíaca praia.

Cando sobrevoa esta zona en concreto, párase e desprega a súa *peteircámara* para detectar posible “comida”, centrándose nuns casos nos “*queixos de Arzua*” máis coñecidos como “*tetillas*” e nas “*ameixas*” e noutros, e segundo o tamaño, nas “*miñocas*” ou nas “*holoturias*” tamén coñecidas por *<carallóns de mar>*.

A gaivota Antón, fixo fronte común co Camawuiano máis auténtico da antiga Camawuei, “*Álvaro Camawuei*”, que podía ver en perigo as súas partes nobres e que estas apareceran en calquera *<carta de menú>* de aves mariñas de internet e presentaron as súas queixas aos Gardas da Illa e entregaron un escrito conxunto no Centro de Visitantes para que se tomen as medidas adecuadas para evitar un intrusismo que pode carrexar malos maiores.


A ver que fan estes de Parques con esta ave invasora.

### Drones na praia



Botiquín en la Isla de Ons. - Se da cuenta de escrito del Jefe provincial de Sanidad, de once de los corrientes, comunicando haber sido autorizado el funcionamiento de un Botiquín en la Isla de Ons, para el cual debería facilitar este Ayuntamiento, al farmacéutico titular D. José Quintanilla Gues, el local donde se pretende instalar dicho Botiquín.

Acordándose por unanimidad y teniendo en cuenta que este Ayuntamiento no dispone de local alguno en la Isla de Ons, se comunica al Sr. Delegado Gubernativo de dicha Isla D. Isaac Marguino Villar, la necesidad de facilitar el local adecuado para la instalación de dicho Botiquín de urgencia.



**PROBLEMÁTICA SANITARIA EN ONS**

O historiador bueuense Arturo Sánchez Cidrás pásanos esta Acta da Sesión Permanente do concello de Bueu de data 22 de agosto de 1967.

Dicir que é interesantísimo, e á vez moi grave, comprobar como o problema sanitario en Ons estivo presente, case, dende que a Illa pasou a estar habitada a partires do ano 1810, de aí o nacemento dunha importantísima Medicina Popular, que moi ben estudou María Castroviejo Bolívar no seu traballo “La medicina popular en la Isla de Ons”, coa que poder dar solución a calquera tipo de problema de saúde que tiveran @s veciñ@s.

Tamén chama a atención na Acta, que xa daquela 1967, había un problema de competencias tan penoso que provocaba importantes atrancos á hora de conseguir beneficios para os veciños. Miren aquí: Facilitan *botiquín*, piden ao concello que busque local para instalalo, o concello no ten competencias, pasan a pelota ao Delegado Gubernativo, e este, que faría? Chegaría a instalarse ese *botiquín* tan necesario para os veciños, que andarían por ese ano arredor de 400?

Ben, pois esa problemática, que xa se carrexaba dende antes, seguiu ata os nosos días, e aí vemos, como todos os anos temos que estar suplicando á administración, á que lle corresponda, un retén Permanente de Primeiros Auxilios.

Este ano, increíble, conseguiuise, pero en anos anteriores, o problema de competencias era de escándalo: Parques que era cousa do concello, o concello que era de sanidade, sanidade que había medios de evacuación en Bueu con lanchas que en menos de 5 minutos estaban en Ons, e así todos os anos.

De todos os xeitos non sería xusto non agradecer a Parques que durante os últimos anos subvencionara un retén de Primeiros Auxilios, aínda que só estivera operativo 9 horas, e que este ano, aínda non sabemos patrocinado por quen pola falla total de transparencia na administración cando se lle pregunta, houbera unha ATS de xeito permanente.

# XIGANTES MARIÑOS MERODEAN POLOS MARES DA ILLA DE ONS

## GRANDES MAMÍFEROS MARIÑOS NAVEGANDO POR ONS

Que estará pasando polas augas que bordean a Illa de Ons que neste ano pasou a ser lugar de estancia, alimentación ou de paso de animais mariños de grandes dimensións.

Dende hai uns cantos anos, instaláronse un bo número de delfíns mulares que continuamente están pasando polas proximidades da Illa entre as rías de Arousa e Pontevedra.

Este ano avistáronse uns cantos *rorcuales* ou baleas azuis e nos últimos días apareceron nada menos que *Orcas*, difícil observalas nestas latitudes.

O alimento das *Orcas* é basicamente peixes e mamíferos mariños, sen embargo nas aparecidas polas augas de Ons, grazas ás investigacións feitas dende o barco Chasula onde un grupo de científicos equipados con aparatos de radiografía láser a distancia, lograron captar a unha das *Orcas*, preto do Illote do Centulo en Ons e, nun dos seus saltos, conseguiron, con esta tecnoloxía punta, fotografar o estómago do animal, quedando atónitos ao comprobar que dentro se atopaba un bo anaco do temón do veleiro da Armada, un *flotador de patito* aínda inchado e a metade do mastro do veleiro clásico de Javí Pazó que quedara á deriva cando lle partiu nunha manobra.

Agora atópanse analizando estas imaxes para saber se está a realizarse un cambio importante na alimentación destes grandes mamíferos mariños.



Fotos orcas e golfinhos. Faro de Vigo.

## ONS NA MEMORIA

### *O ANTIGO CAMIÑO AO FARO*

Nestas fotos do ano 1976 podemos observar parte do barrio de Caño, preto da casa do arco propiedade do Sr. Reboiras, onde podemos apreciar como era a superficie do camiño principal da Illa, o que vai dende o peirao ata o Faro.

Este camiño foi preparado no ano que comezaron as obras de instalación do Faro de Ons (1865) para poder achegar ata alí todo o necesario para a súa construción. Era de terra con pedra apisoada e tiña o ancho dun carro e medio de vacas.

Non temos coñecemento de como eran as vías de comunicación na Illa antes de 1810. Daquela, cando comeza a última repoboación, Ons estaba deshabitada e non hai ningún plano, nin tan sequera o que fixo o enxeñeiro Cossio, xefe de obras da fortificación, que nos permita coñecer que sendas existían.

Eu penso que a Illa, en 1810, estaría a monte e que os camiños, corredoiras e sendeiros foron nacendo segundo as necesidades.

Podemos atrevernos a dicir, baseándonos nos datos históricos que, partindo do actual peirao, había tres camiños principais en forma de cruz. Un principal que ía cara ao oeste, pois alí, en Chan da Pólvora, está radicada a que din que é a casa máis antiga, de feito é coñecida como a “Casa dos Mouros”. Despois a necesidade para realizar as obras de fortificación, provocaría o nacemento de dous camiños máis que serían os brazos da cruz. Un cara ao sur, barrios de Canexol e Pereiró. Neste último construíuse unha das baterías. E outro cara ao norte, non moi longo nun principio, pero si o suficiente para permitir carrexar o material necesario para a batería coñecida como Castelo da Rueda.

Despois, a medida que pasaban os anos e as necesidades crecían, írían xurdindo corredoiras e sendeiros.



## IMPRESIONANTES CAPTURAS NAS INMEDIACIÓNS DA ILLA DE ONS

Estamos a comprobar que este ano os peixes capturados preto de Ons teñen un tamaño considerable. Despois de mostrar en números anteriores, o pinto e robalo pescados por Alvarito, agora podemos observar, con asombro, os exemplares logrados por Cesáreo e Pedro Otero .

Non acaban de entender o tamaño destes peixes, pero xa comezan a teorizar sobre as causas. Dende medios oficiais falan dos importantes nutrientes que posúen as augas que bordean esta Illa, outros falan das medidas protectoras levadas a cabo pola Consellería de Pesca,...., pero hai quen desconfía doutros fenómenos -Top Secret-.

Falamos do ocorrido o 23 de novembro de 1993 cando os mariñeiros illáns Benito Patiño e o seu fillo Carlos, coñecido cariñosamente como “Carrillo”, avistaron nas proximidades de Ons e dende a ponte do seu barco o <Xa me Vedes>, un obxecto estraño con luces amarelas e vermellas que deixaba tras de si unha estela de fume, desaparecendo de súpeto. Tamén daquela, o patrón do <Audaz> avistouno e pareceulle velo caer ou desaparecer preto da praia de Melide.

A cousa quedou así e clasificárono de Confidencial. Pero agora, con estas capturas tan considerables e coa inesperada visita dos cetáceos, volve a saír á luz e moitos pensan que puido ser algo parecido ao accidente nuclear de Palomares e que, 30 anos despois dese avistamento, agora poden comezar a verse as consecuencias.

Esta problemática pesqueira chegou a oídos dos gobernos central e autonómico e para evitar problemas sociais como os daquela, decidiron seguir os pasos de D. Manuel e achegáronse a Ons o Presidente Sancho, o Vicepresidente primeiro “o Trenzas” e o “Ghaseosas” (dende logo marca Feijoo) para, dándose un baño nas verdes e transparentes augas de Melide acompañados dos medios de comunicación, demostrar que todo está ben.

Para tal acontecemento, e para evitar suspicacias debido ao “tamaño” de certo “instrumento”, decidiron non bañarse espidos e facelo cun tanga de *caballero*, deseñado para tal ocasión por Lady Cacá.

A ver que acontece e se nos informan adecuadamente, xa que, como vimos comprobando ultimamente, dende a Consellería de M. Ambiente e Parques, a transparencia é nula.

Aínda así, vai seguir a desconfianza, xa que saltou unha nova, ou bulo, onde comentaban que uns turistas que se achegaron a Ons a principios de xullo, seguindo unha das Rutas, foron dar á praia de Melide. Cansos e suorentos despois da camiñada, decidiron darse un baño e fixérono espidos, como debería ser lóxico nunha praia nudista. Todo era normal, ata que, ao saír da auga, comprobaron que certa parte do seu corpo crecera en 5 cm. e sen ningún tipo de excitación.

Nun principio sorprendidos pero logo máis que contentos, deron fe do fenómeno a través das redes sociais, e de aí o motivo que este ano a cota de visitantes a Ons estivera case completa todos os días do verán e as romarías para bañarse en Melide, nada tiñan que envexar a Lourdes ou Fátima; aínda que, unha grande maioría usando téxtil.

A cousa non é para menos, pero as navieiras xa están pensando en prolongar as visitas a Ons en Outono e Inverno e, incrivelmente, de xeito conxunto están preparando un proxecto de Marketing para captar clientes, iso si, disimulando a cousa como un Proxecto de Desestacionalización.

A ver que acontece. Seguiremos informando.



Á dereita e no centro arriba, o gran bucaneiro Cesáreo cun impresionante pinto e un non menos sorprendente robalo.

Non sabemos os Kg de cada un, teñen medo que se decate o cazador e cargue de novo a escopeta.



Emilio Otero, patrón do Audaz e Benito Patiño patrón do Xa me Vedes, na rolda de prensa despois do avistamento.

Pedro Otero, patrón do Audaz, cun rodaballo de nada menos que 13'5 kg. El non lle ten medo ao cazador.



## ONS ARQUEOLÓXICA PETRÓGLIFOS

Cando no ano 2009 contactamos con Fernando Alonso Romero co fin de conseguir unha colaboración súa para Aunios nº 14, o que menos nos supoñiamos era a enorme sorpresa que nos agardaba. Fernando comunicanos que ía a escribir sobre un petróglifo que atopara en Ons a principios dos anos 70 s. XX e que o ía a dar a coñecer.

O petróglifo atopábase no barrio de Chan da Pólvora. El cría que se trataba duns gravados da Idade do Bronce e estaba formado por círculos e *coviñas*, tamén chamadas cazoletas. Comentaba que o máis interesante era demostrar que fai uns 3000 anos en Ons facíanse petróglifos semellantes aos doutras partes de Galicia.

Sobre o significado destes círculos e cazoletas comenta que durante a Idade do Bronce houbo importantes cambios climáticos e que unha importante seca fixo posible o xurdir de ritos máxicos co fin de conseguir que chovera.

Supón que eses círculos representan as gotas da chuvía que ao caer sobre a superficie da auga estancada producirían unha serie de ondas que van expandíndose e xuntándose unhas con outras. Pensarían que con ese rito de maxia simpática atraerían á chuvía.

Esa é a teoría que Fernando coa axuda dalgún amigo arqueólogo deu sobre este petróglifo.

Despois da saída en Aunios nº 14 deste artigo, a arqueóloga Paula Ballesteros Arias realizando un proxecto de prospección arqueolóxica polo actual Instituto de Ciencias do Patrimonio, descubriu dous petróglifos máis, un en Chan da Pólvora moi preto do anterior e outro na Laxe en Caño.

O importante que queremos reflectir aquí, é o enorme valor arqueolóxico destes gravados e que necesitan unha profunda investigación feita por especialistas para saber outras opinións sobre o seu significado, que queden perfectamente catalogados e estudados de xeito científico e, protexéndoos, poñelos en valor para ser observados por veciños e visitantes.

## CONTOS DE TABERNA

### A SOPA DE GHALO

Contan que tres veciños da Illa fixéranse cun galo. Non sabemos moi ben como. Uns dicían que fora pola Festa e que un deles ganara a ave na tradicional “Corrida do Ghalo”, que se celebraba en Ons, consistente en soterrar ao animal coa cabeza e pescozo fóra, para que tivera mobilidade, e os participantes, cos ollos tapados e situados a unha certa distancia, tiñan que acertarlle na testa cunha vara.

Outros, sen embargo, comentaban que fora conseguido a través da típica trasnada de ir a “roubar” un galo ou galiña a un veciño e logo invitalo á enchedela dicíndolle que lla roubaran a outro.

E ata hai quen afirmaba que era para pagar un favor recibido. Ben, o caso é que alí estaban na rebotica da taberna os tres veciños, Manolo da Illa que nunca deixa pasar unha e as forzas vivas o mestre, o torreiro e D. Ramón o crego.

Na Illa era costume, antes de manducar o galo guisado, estufado ou ao forno, meterlle unha sopa de piñóns feita cos miúdos do galo: fígado, pescozo, patas, moegas, riles,..., que lle dan un excelente sabor e son moi apreciados polos comensais.

A cociñeira puxo a ola na mesa e, como é costume, cada un bótase ao seu gusto. Todos foron facendo a manobra con moita delicadeza e coidado, pero, cando lle tocou a quenda a D. Ramón, ergueuse e, collendo o cullerón, comezou a remexer dende o fondo co fin de que os miúdos se moveran e así poder coller a mellor tallada.

Todos quedaron perplexos e mirándose uns aos outros, ata que, Manolo da Illa, co garbo que lle caracteriza e empregando termos mariñeiros, espetoulle:

- D. Ramón!!, nós botamos as betas polo limpo e a pouca altura, pero vostede trouxo o *aparello de arrastre*, carallo!!!

